PLENO

**ACTA 2023/05 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 02/05/2023. SORTEO MESAS ELECTORAIS.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 9:30 horas do día indicado comparecen:

1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
2 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
3 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
4 Alexander Doval Expósito (PP)
5 Lidia López Gándaras (PP).
6 Silvia Suárez García (PP).
7 José Carlos Mosquera Boo (PP).
8 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo. Preside a sesión o Sr. Alcalde D. Luís Rey Villaverde. Non asiste o interventor da corporación. Non asiste a Concelleira Dª. Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE), o Concelleiro D. José Calvo Rey (PSdeG-PSOE) a Concelleira Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE) a Concelleira Dª. María Teresa Cendal Iglesias (OR) e a Concelleira Dª. Isabel Fernández Gallego (BNG).

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

ASUNTO ÚNICO: SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS DE 28 DE MAIO DE 2023, CONFORME AO ARTIGO 26 DA LOREG.

O Sr. Alcalde procede a declarar aberta a sesión. Seguidamente procédese a tratar os asuntos da orde do día.

ASUNTO ÚNICO: SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS DE 28 DE MAIO DE 2023, CONFORME AO ARTIGO 26 DA LOREG.

Procédese a realizar o sorteo dos membros das mesas electorais para as vindeiras eleccións locais do 28 de maio de 2023 de xeito informatizado a través da plataforma IDA – CELEC facilitada polo Instituto Nacional de Estatística (INE). Xuntase como anexo da presente acta o resultado do citado sorteo.

Infórmase polo Secretario da Corporación aos membros da corporación que se procede xunto co sorteo dos presidentes e vogais titulares e suplentes a sortear ata 14 substitutos dos mesmos a fin de poder acodir a eles no caso de

CVD: hQa2okNi2yWmFKOPV5py
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PLENO

excusas ou de non atoparse á persoa. Igualmente pregunta se algún membro da corporación quere que se proceda a dar lectura ao sorteo declinando todos estes ofrecemento pero solicitando que se lles facilite copia do sorteo. O Secretario advirte que se ben teñen dereito a acceder a dita documentación, lémbralles a obriga que teñen de gardar sixilo sobre os datos que polo seu cargo poidan coñecer e a necesidade de non difundir ditos datos e de respectar a lexislación en materia de protección de datos.

Neste intre o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 09:35 horas do día sinalado ao comezo da presente acta, que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e prace do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde - Presidente O Secretario
Luís Rey Villaverde Federico Suárez Cancelo.

CVD: hQa2okNi2yWmFKOPV5py
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.